

NOTA DE PRENSA

Un equipo de biólogos da Universidade de Santiago consegue resultados positivos no engorde do ourizo de mar en bateas experimentais

Búscase dispor de individuos para repoboar as zonas da costa nas que este recurso está sobreexplotado

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2008 (Vía Láctea Comunicación).- Un equipo da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago está a desenvolver un proxecto centrado na caracterización xenética do ourizo de mar. O estudo estase a realizar con poboacións naturais de Galicia, Asturias e Canarias. Ademais, realízanse experiencias de cultivo de xuvenís en batea, con resultados moi positivos.

O proxecto está financiado polo Plan Nacional de Cultivos Mariños, que desenvolve o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación coas comunidades autónomas para impulsar a acuicultura. Neste proxecto participan Canarias, Asturias e Galicia, que é a comunidade coordinadora. E a Xunta de Galicia conta coa colaboración científica da Universidade de Santiago para avanzar no cultivo do ourizo de mar.

O investigador responsable da USC neste proxecto é o profesor **Manuel Rey Méndez**. Indica que “Galicia é a comunidade que ten unha maior produción de ourizo pero houbo unha explotación enorme nos últimos anos, polo que xa se está a apreciar o descenso notable nas poboacións”.

Tal como sinala o investigador, neste momentos o cultivo do ourizo de mar é pouco rendible dende o punto de vista económico. “Trátase dun produto de baixo prezo na primeira venda en fresco e, ademais, leva moito tempo conseguir individuos de talla comercial, entre tres e catro anos, aínda que se está a traballar para acurtalo” -asegura o profesor-. Sen embargo, os investigadores traballan no cultivo desta especie coa finalidade de repoboar as zonas da costa que están sometidas a unha sobreexplotación, tanto en Galicia como en Asturias e Canarias.

Cultivo integral do ourizo de mar, dende o laboratorio á batea

Trátase de facer un cultivo integral do ourizo de mar. A primeira fase é o seu cultivo no laboratorio, que ten lugar no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente da Consellería de Pesca, na planta de cultivos mariños da que o centro dispón no concello lucense de Ribadeo. Dende aquí provén ao equipo da Universidade de Santiago dos xuvenís que nacen no laboratorio e que logo se engordarán nunha batea experimental antes de incorporalos ao medio mariño. Segundo indica o profesor **Rey**, a finalidade é determinar o crecemento o ourizo de mar en cultivo, así como a viabilidade de repoboación no medio natural.

Unha batea experimental na Ría de Muros e Noia

A Universidade de Santiago dispón dunha batea experimental na Ría de Muros e Noia que funciona dende principios dos anos noventa. Alí ten lugar o proceso de engorde do ourizo, tanto de individuos tomados do medio natural como dos cultivados no laboratorio, antes de envialos ao seu medio natural. Unha vez na batea, os ourizos sométense a diferentes dietas. A finalidade é diminuír o tempo necesario para que alcancen a talla comercial.

Segundo o investigador **Manuel Rey**, un paso importante foi conseguir a reprodución do ourizo de mar no laboratorio, o que lles permite dispor de xuvenís. Xa na batea, estanse a lograr resultados moi positivos na fase de crecemento ou preengorde dos ourizos. Ademais, os investigadores están a comprobar que a mortalidade do ourizo nas condicións da batea é moi baixa.

Varias empresas de alimentación xa mostraron o seu interese polos resultados deste proxecto

Varias empresas de alimentación dedicadas á transformación do ourizo xa mostraron o seu interese nos resultados deste proxecto, debido aos problemas que hai na actualidade coa extracción deste recurso mariño. Por exemplo, segundo explica o profesor **Rey**, “a gónada, que é a parte do ourizo que se aproveita para o consumo, en ocasións é moi pequena, sendo determinante no procesado na industria, de xeito que para o enlatado deste produto precisase unha maior ou menor cantidade de individuos segundo o tamaño da súa gónada”.

Estudo poboacional do ourizo de mar en Galicia, Asturias e Canarias

O equipo do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular da USC tamén realiza as análises xenéticas do ourizo de mar de Galicia, Asturias e Canarias. Nesta liña, **Rey** explica que “as análises xenéticas son moi importantes para xestionar os recursos. Permítenos ver a viabilidade do seu cultivo, xa que hai especies que, aínda que están moi explotadas, dende o punto de vista xenético non se atopan en perigo de extinción porque dentro da súa diversidade son capaces de sobrevivir. Sen embargo, outras especies corren o risco de desaparecer aínda que non estean sobreexplotadas, debido a que son xeneticamente máis débiles”. O investigador afirma que “canta máis diversidade haxa dentro dunha especie, maior posibilidade terá de sobrevivir porque se poderá adaptar mellor aos cambios do medio”.

Así, un dos obxectivos do equipo da USC é realizar un estudo poboacional do ourizo de mar en Galicia, Asturias e Canarias, co propósito de comprobar a similitude ou diferenza xenética entre cada unha das poboacións, aínda que a especie é a mesma. “Trátase de coñecer se a especie é homoxénea xeneticamente ou non, xa que se non o é compriría xestionar o recurso mariño de forma diferente, co fin de non provocar unha debacle xenética” -aclara **Rey**-.